

BASES DO CONCURSO DE ENTROIDO 2018

O Concello de Porto do Son, a través da Concellería de Cultura, convoca unha nova edición do Concurso de Disfraces e Comparsas de Entroido.

1. As presentes Bases teñen por obxecto regular o desenvolvemento e a participación no Concurso de Entroido 2018 que terá lugar o sábado 10 de febreiro e martes 13 de febreiro de 2018, nas seguintes categorías:

- o Categoría de **Concurso Infantil**, individual e grupo, (o sábado 10 de febreiro) e na categoría de **Concurso dos maiores** (o martes 13 de febreiro) nas categorías: Comparsas, Grupos e Individuais.

2. No **Concurso Infantil** poderán participar todos os rapaces ata os 12 anos incluídos (poderase requirir documentación para a súa comprobación).

Para poder participar e optar aos premios, os concursantes deberán anotarse nos prazos e lugares que se indican a continuación:

INSCRICIÓN	
PRAZO	Ata o venres 9 de febreiro ás 14:00 h.
LUGAR	Oficina de Cultura, sita na Casa da Cultura de Porto do Son
	Por teléfono no 981767758.
	Por correo electrónico culturaportodoson@gmail.com
Ata media hora antes do inicio do concurso no lugar do desfile.	

Os concursantes nesta categoría infantil, terán opción aos premios que se detallan a continuación:

	PREMIOS		
	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO
CATEGORÍA INDIVIDUAL	70,00 €	50,00 €	30,00 €
CATEGORÍA GRUPO	150,00 €	75,00 €	50,00 €
REI E RAÍÑA	100,00 € respectivamente		

Os premios consistirán en vales nominativos para trocar en distintos establecementos do Concello de Porto do Son. Os vales poderanse trocar ata o 28 de abril de 2018.

3. O Rei e Raíña sairán, en todo caso, do Concurso Infantil da categoría individual. O Rei e Raíña encabezarán o Desfile que se realizará o Martes de Entroido para o Concurso dos maiores nas categorías de Comparsas, Grupos e Individuais, que sairá da Casa da Cultura de Porto do Son ás 17:30 horas percorrendo as rúas do Son ata chegar ao Pavillón Santa Irene, onde terá lugar o concurso.
4. No **Concurso de Maiores**, as Comparsas, Grupos e individuais, para poder participar e optar aos premios é imprescindible cubrir a solicitude de inscrición que se achega a estas bases como Anexo 1, nos prazos e lugares que se detallan de seguido:

INSCRICIÓN	
PRAZO	Ata o luns 12 de febreiro ás 14:00 h.
LUGAR	Oficina de Cultura, sita na Casa da Cultura de Porto do Son
	Por teléfono no 981767758.
	Por correo electrónico culturaportodoson@gmail.com
Ata media hora antes do inicio do concurso no lugar do desfile.	

Segundo as categorías, os premios en metálico son os seguintes:

	PREMIOS		
	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO
COMPARSAS	800,00 €	500,00 €	300,00 €
GRUPOS	500,00 €	300,00 €	200,00 €
INDIVIDUAIS	200,00 €	100,00 €	50,00 €

5. Enténdese como **Comparsa** o grupo de persoas integrado por número igual ou superior a 15 membros, contando cun mínimo de 6 persoas maiores de idade, e sendo obxecto de valoración a representación da murga no escenario, a orixinalidade e calidade das letras, coreografía, baile...; **Grupo**: de 2 a 14 membros, que contará cun mínimo de 4 persoas maiores de idade; **Individuais**: un único membro, sendo condición indispensable nesta categoría que a idade mínima para participar son os 13 anos cumpridos (en caso de dúbida requirirase documentación).

Nas categorías grupo e individuais a valoración do xurado realizarase conforme a orixinalidade, creatividade e caracterización, a posta en escena.

6. Para participar no Concurso dos maiores (Comparsas, Grupos e Individuais) é obrigatorio participar no DESFILE que sairá da Casa da Cultura de Porto do



Son o día 13 de febreiro ás 17:30 horas ata o Pavillón Santa Irene onde terá lugar o concurso.

7. Se os concursantes precisan de música específica, deberase entregar á organización un pendrive ca letra e música requirida antes da actuación. Poderase facer uso da instalación da Radio Municipal para este fin se fose preciso. No caso de xurdir algún problema coa reprodución do arquivo entregado, empregarase a música prevista pola organización.
8. O Concurso consiste en cantar e representar a murga no escenario na categoría de Comparsas, e exhibición como mínimo nos Individuais e Grupos.
9. O Xurado será designado polo Concello de Porto do Son e estará composto entre 5 ou 7 persoas, alleas á organización do acto e de recoñecido prestixio, relacionados co mundo da hostalería, medios de comunicación, participación cidadá, mundo das artes e cultura tradicional. O seu nomeamento público darase a coñecer o venres anterior á celebración do concurso e publicaráse na páxina web municipal.

O xurado terá liberdade de criterio para establecer as súas cualificacións, pero deberán prestar atención a cuestións como vestiario, orixinalidade, simpatía, posta en escena, letra, ... A decisión do xurado será inapelable. O Xurado poderá declarar "desertos" calquera dos premios ou deixar fóra do concurso aos participantes se non reunisen as condicións mínimas establecidas nas presentes bases. O xurado do concurso terá a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

10. A adxudicación dos premios farase pública ao finalizar o Concurso, despois da entrega do fallo do Xurado. O día da celebración da actividade levantarase acta polo xurado do acontecido no evento, indicando os premios outorgados para posteriormente proceder ao seus pagamentos que cumpridamente se deben de facer atendendo ao estipulado nas presentes bases.

O pago dos premios realizarase aos representantes dos grupos e comparsas premiados que consten na folla de inscrición, mediante transferencia bancaria nos números de contas indicadas. Ás contías de cada premio aplicaráselles a retención fiscal legalmente establecida (premios superiores a 300€).

En relación ao pagamento dos premios entregados no concurso infantil mediante vales de compra, no momento do seu troque nos establecementos adheridos, deberá expedirse factura a nome do beneficiario, que será pagada pola Administración, tras a correspondente presentación da documentación xustificativa do gasto realizado xunto coa seguinte documentación:

- a)** Acta emitida polo xurado, onde consten os datos das persoas beneficiarias do premio.
- b)** O vale onde se indique o valor do premio e o período de vixencia do mesmo.

A participación no Concurso de disfraces e comparsas, implica o coñecemento e aceptación das presentes bases.